

Memoria **xustificativa** e **económica** dun **convenio** de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello de Porto do Son** para a execución do proxecto denominado **Mellora da eficiencia enerxética nas oficinas do concello de Porto do Son**

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 23 de xuño), en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Porto do Son un convenio para a execución do proxecto denominado Eficiencia enerxética nas oficinas do Concello de Porto do Son.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.



Para tal fin, mediante a Orde do 29 de decembro de 2022 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Porto do Son o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2024.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Porto do Son para a execución do proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética nas oficinas do concello de Porto do Son.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Porto do Son manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética nas oficinas do concello de Porto do Son que ten como obxecto a instalación dun novo sistema de calefacción por avaría irreparable do anterior.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se encontran as oficinas do Concello de Porto do Son por mor da rotura inesperada e sobrevida no sistema de calefacción da ala esquerda do primeiro andar da casa do concello. Esta avaría, ademais de causar danos nos locais afectados, non é susceptible de reparación xa que resultaría antieconómica e sen garantías de que, debido á antigüidade das instalacións, non volva sufrir unha nova avaría no curto prazo.

No entanto, de cara a restablecer as condicións mínimas de habitabilidade e salubridade das dependencias afectadas, nomeadamente durante os meses de inverno durante os que resulta imprescindible contar cun sistema de calefacción, resulta urxente iniciar os traballos para a instalación dun novo sistema que permita substituír os vellos radiadores por solo radiante baseado na caldeira de biomasa recentemente adquirida, que resulta máis eficiente e permite un maior aforro enerxético, o que se adecúa aos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.



Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Porto do Son de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Porto do Son.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141A.761.1 (CP 2015 00168), dos que 40.736,54€ corresponden a 2023 e 44.263,46€ a 2024. Este importe total representa o 63% do orzamento do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 134.843,54 €.

A subvención distribúese en dúas anualidades que correspóndense co ritmo de execución do proxecto, co detalle de importes e porcentaxes que se indica no cadro inxerido a continuación:

Entidade	2023	% Financiamento 2023	2024	% Financiamento 2024	Total	% Achega total
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	40.736,54 €	100%	44.263,46 €	47%	85.000,00 €	63%
Concello de Porto do Son	- €	0%	49.843,54 €	53%	49.843,54 €	37%
Total	40.736,54 €	100%	94.107,00 €	100%	134.843,54 €	100%

Os importes orzados para cada anualidade non superan os limiares sinalados no segundo parágrafo do artigo 58.3, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, é dicir, non exceden o resultado de lle aplicar ao crédito inicial, a nivel de concepto, a porcentaxe do 70% no exercicio inmediato seguinte posto que o importe previsto para a anualidade 2024 representa o 0,98% sobre o crédito inicial de 4.532.587,00 € no nivel de vinculación.



Pola outra banda, cómpre sinalar que a cantidade orzada para os cada un dos dous anos aos que se estende a execución material non é inferior ao 10% do importe total do expediente de gasto, é dicir, 85.000,00€, sendo o importe máis baixo, que corresponde co exercicio corrente (40.736,54€) superior ao indicado 10%.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Este convenio regula a concesión dunha subvención que implica a asunción de obrigas de carácter plurianual. Xa que logo, require autorización previa do Consello da Xunta de Galicia en cumprimento do establecido no artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e consonte o previsto no artigo 51 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

7. Memoria económica (Instrución núm. 3 da IXCA)

Para os efectos do requirido na comprobación a) da Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto destas, este gasto ten natureza de investimento, e ten un orzamento total de 134.843,54 €, distribuído en dúas anualidades (2023-2024) tal e como se consigna no cadro 1.1. Cadro xeral incluído no anexo I da devandita instrución:



Cadro xeral 1.1			
Orzamento desagregado por actividades e tipoloxía de gasto			
Anualidade 2023	Descrición	Tipoloxía de gastos subvencionables	Importe
	1. Actuacións previas	Obras	6.350,19 €
	2. Tabiquerías e trasdosados	Obras	975,45 €
	3. Revestimentos e falsos teitos	Obras	2.357,65 €
	4. Instalación de calefacción	Obras	17.942,67 €
	5. Xestión de residuos	Obras	319,64 €
	6. Seguridade e saúde	Obras	345,63 €
	Orzamento de execución material		28.291,23 €
	Gastos xerais (13%)	Obras	3.677,86 €
	Beneficio industrial (6%)	Obras	1.697,47 €
	Suma		33.666,56 €
	IVE (21%)		7.069,98 €
	Orzamento total 2023		40.736,54 €
Anualidade 2024	1. Carpintería interior	Obras	18.622,18 €
	2. Instalación de electricidade	Obras	13.131,71 €
	3. Instalación contra incendios	Obras	2.735,15 €
	4. Tabiquerías e trasdosados	Obras	12.077,04 €
	5. Revestimentos e falsos teitos	Obras	12.295,71 €
	6. Pintura e decoración	Obras	5.701,44 €
	7. Xestión de residuos	Obras	172,11 €
	10. Seguridade e saúde	Obras	621,28 €
	Orzamento de execución material		65.356,62 €
	Gastos xerais (13%)	Obras	8.496,36 €
	Beneficio industrial (6%)	Obras	3.921,40 €
	Suma		77.774,38 €
	IVE (21%)		16.332,62 €
	Orzamento total 2024		94.107,00 €
Orzamento total 2023-2024			134.843,54 €

O proxecto subvencionado non inclúe gastos de persoal, non se trata de gastos recorrentes nin o orzamento se referencia a prezos unitarios, polo que non procede a inclusión dos cadros 1.2. Detalle cadro de persoal, anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes nin anexo III – cálculo do orzamento con prezos unitarios.



Con respecto ao punto e) da instrución da Instrución núm. 4 da IXCA, insírense os datos requiridos no cadro do anexo IV – Modelo cadro de fitos e obxectivos:

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG	N/A	Convenio co Concello de Porto do Son para a adquisición dunha furgoneta eléctrica	P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	1

Por último, para dar cumprimento ao requirimento da letra f) da instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincia	Entidade beneficiaria	Importe proposto para concesión
A Coruña	1	85.000,00 €
TOTAL	1	85.000,00 €

8. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico OE01, "E01- Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO02 – "Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe"

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2015 00168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*, é o P0076E - Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, cun valor previsto de 21 entidades.

Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde co Concello de Porto do Son, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :



Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P0076E - Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente	5-PEG	21	1

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica, do Equipo de Axudas de Estado da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
(documento asinado electronicamente)

